

Andrea F. Maneiro | “A poesía é lenta, non é unha carreira. É ir a pasear como pasean os nenos e ollar e cheiralos todo”

[Vilagarcía Olalla Bouza](#) 15 de maio de 2025

Andrea Fernández Maneiro (Carril, 1964) recibiu hai uns días o premio do L Certame Literario de Vilalba, que lle foi concedido en agosto pola súa obra ‘Meridiano Orixe’, que se presenta mañá, ás oito da tardiña, no Gato Negro.

<https://www.diariodearousa.com/articulo/vilagarcia/andrea-f-maneiro-poesia-e-lenta-non-e-unha-carreira-e-pasear-como-pasean-nenos-e-ollar-e-cheiralos-todo-5291098?sfnsn=scwspmo>

Este é o teu quinto libro de poemas, desde cando escribes e cando te decides a publicar?

Escribo desde nena, pero non publico. Creo que moitas editoriais están facendo abandono de funcións e prefiren escoller por criterios que non son literarios. Abrir as portas a unha persona que non ten sona é moi complicado. O premio non é que queira dicir moito, porque se cambia unha persoa do xurado igual non o levo eu, pero síveme para publicar.

É ‘Meridiano Orixe’ un libro de viaxes?

Pode ser. Meridiano Orixe é como se lle chama en Galicia ao Greenwich. É un sitio onde nace e morre o tempo e aí é donde repousan todas as cousas. Para viaxar sempre tes que ter un punto de retorno. Habitualmente cando fan libros de viaxes quédanse fora e eu non quero quedar fora, porque a miña referencia está aquí. Aínda que vivo en Vilagarcía, eu síntome afojacristos. En Carril vivín de nena, a miña nai tivo unha tenda na subida da igrexa, alí foi o meu primeiro amor, con doce ou trece anos... É un punto importante na miña vida para asentar. O poemario está dividido en varias partes e todas elas acaban tendo unha referencia en Galicia ou en Portugal. É unha viaxe emocional, vencellada ao que ves. A emoción ten sempre que ver co que tes arredor.

Como decide vostede escribir este poemario?

Empezou nunha viaxe. Eu nas viaxes non teño tempo de facer libros, porque sufro un ‘Stendhal’ permanente. Pero cando chego a casa e pouso, e abro as doce mil fotos, vou recuperando instantes que poden parecer non importantes, pero que para min o son. Como sentarme cunha velliña de Maramures (Rumania) e que ela me conte, como pode, coas mans, o punto que está a facer e como fixo os calcetíns. Os pequenos detalles, que non esqueces, son os que van no ‘Meridiano Orixe’.

Aparecen, sobre todo, figuras de mulleres...

Interésame moito a vida das mulleres, relacionarme con como perciben a vida noutros mundos. Interésame unha rapaciña que fai punto de cruz nun campo e nin levantou a mirada para ti. A eles non lles chama a atención un grupo de turistas facendo fotos. As viaxes teñen que servir para aprender a non vulgar, solo compartir. Porque os nosos parámetros non son os deles. A min dinme: “Na India hai moita pobreza”. E é verdade. Pero din: “Pobriños”. E non. Desde o teu punto de vista, a súa vida pode ser miserable. Desde o seu, son felices. Hai xente que non precisa cousas que nunca tivo. Viaxando eu aprendo que Lisca é un nome, e aquí escorrentamos un can. Logo tamén miro museos, pero eu prefiro á xente. E ‘Meridiano’ está cheo de xente.

E os lugares galegos que aparecen, como fai a elección?

É emocional. Está Sabucedo, que creo que se está empezando a valorar agora. Hai dúas ou tres cousas que son moi simbólicas, como o Faro de Punta Cabalo, que é descomunal. Neste libro tamén vai un baile de Malveiras. Para min son momentos moi especiais e tamén son viaxes.

No libro aparecen fotografías acompañando, é verdade que a poesía dentro da literatura é quizais o máis visual...

Sensitivo, en xeral. Ti podes escoitar cousas. Un poema pódeche arrepiar. A min hai poemas que me producen frío físico. Creo que ten moitas posibilidades. É un xénero maldito, porque hai un enfoque malo. Sempre poño un exemplo que é representativo: A narrativa é unha tableta de chocolate, que abres enteira, pero a poesía é unha caixa de bombóns. Podes abrila e comer un bombón, deixala aí e, outro día, ler outro poema. En Vilagarcía hai xente que está facendo presentacións diferentes, como Juan Carballo, con música. Se a xente perdera os prexuízos... Logo a xente di: “Lin o teu libro e entendíno todo”. E por que non o ían entender? Tampouco hai que ler tochos.

Quizais parte do problema sexan os ritmos, que a xente está acostumada a ler cousas que enganchen ou ver series dun tirón e a poesía esixe lentitude...

A poesía é lenta. É como se vas pasear, non vas facer unha carreira nin un maratón. A poesía é pasear pero como pasean os nenos, cheirando todo, tocando todo, achegándose a todo... Hai unha cuestión tamén, que se fan ás veces críticas moi duras e subxectivas, que non serven máis que para xerar mal rolo sobre un libro.

Hai certa controversia sobre se a literatura comercial axuda ou non a que se lea máis...

Todo axuda a que se lea, ata o bote de Colacao. Todos, nalgún momento, lemos literatura lixeira e, ás veces, falta que fai. Eu non lin ‘Cincuenta sombras de Grey’ porque non me interesa o porno, e é porno, as cousas hai que chamalas polo seu nome. Pero hai xente que o leu que nunca collera un libro. Se de cincuenta persoas que nunca leran, e leron ese libro, dúas colleron o hábito, a min xa me vale. Non hai lectura mala.

Antes dicía que se le pouca poesía, pero si que se escribe bastante e hai novos autores que gañan premios. Hai bo momento para a poesía galega?

E cando non o houbo? Non é tanto cuestión de cantidade ou calidade como de silenciamento. A poesía nos medios ten pouca cabida. Verás moitas veces entrevistada a Inma López Silva e poucas a Marta Dacosta. Insisto en que son prexuízos.